

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEIS PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “REHABILITACIÓN DE CENTRO DEPORTIVO PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E CONDICIÓNS DE SALUBRIDADE”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POR:

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV):1W6TNSDYVSWAE12K



SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEIS PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “REHABILITACIÓN DE CENTRO DEPORTIVO PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E CONDICIÓNS DE SALUBRIDADE”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D.^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D.^a Marta Giráldez Barral, quen actúa no nome e na representación do Concello de Meis, en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Na data 17/12/2021 o Pleno da Corporación Provincial adoptou o acordo núm. 4.7719 polo que se aprobou a concesión dunha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Meis, con destino á execución da actuación denominada “Rehabilitación de centro deportivo para a mellora da eficiencia enerxética e condicións de salubridade”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19. Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).



II. De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa ReacPon, o día 11/01/2022 asinouse o correspondente convenio de colaboración entre as dúas administracións. O dito convenio tiña por obxecto definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes.

III. Na data 27/01/2023, o Pleno da Corporación Provincial aprobou a modificación do citado acordo de concesión para reaxustar o financiamento, xa que o Concello presentou a notificación da Resolución Definitiva da concesión dunha subvención do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA) por importe de 388.603,93€, con destino ao financiamento da mesma actuación subvencionada mediante o programa ReacPon.

IV. En data 10/03/2023 as partes asinan a correspondente addenda ao convenio modificando a cláusula Segunda relativa ao financiamento, recollendo os novos importes tras ter en conta a subvención outorgada.

V. Por outra banda, a cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, establece o seguinte:

“O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 30 de abril de 2023. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 30 de setembro de 2023.”

VI. Mediante o acordo núm. 7.7926 do Pleno provincial do 27/01/2023 prorrógase o prazo de execución dos investimentos acollidos no Programa ReacPon ata o 31/12/2023 e o prazo de xustificación dos ditos investimentos ata o 31/05/2024.

VII. Por todo o exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha segunda addenda, para adaptar o texto do convenio asinado o 11/01/2022, e modificado pola addenda asinada o 10/03/2023, ás novas condicións establecidas no antedito acordo plenario, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. VIXENCIA

As partes acordan modificar a cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, e quedando redactada do seguinte xeito:

“O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 31 de decembro de 2023. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 31 de maio de 2024.”



SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

En todo o demais permanecerá invariable o contido do texto do convenio asinado o 11/01/2022, e modificado pola addenda asinada o 10/03/2023, suxeitándose as partes ás súas cláusulas.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a segunda addenda na data da sinatura electrónica.

A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, D.^a María del Carmen Silva Rego

A alcaldesa-presidenta do Concello de Meis, D.^a Marta Giráldez Barral

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay